

SOLUCIÓNS ETAPAS DA HISTORIA.

1.- Que feito se toma como referencia para ordenar o tempo histórico?

O nacemento de Jesucristo , que marca o ano 1.

2.- Que significan as abreviaturas a.C e d.C.?

a.C.- antes de Cristo

d.C.- despois de Cristo

3.- Fíxate na liña do tempo que aparece ao principio do texto e indica as distintas épocas nas que se pode dividir a Historia.

Prehistoria – Idade Antiga – Idade Media – Idade Moderna – Idade Contemporánea.

4.- O fin dunha etapa e o comezo da seguinte ven marcado por un feito histórico. Que feito sinala o inicio da Prehistoria?

A aparición dos primeiros humanos.

5.- Que feito marca o fin da Prehistoria e o comezo da Idade Antiga?

A invención da escritura.

En que ano sucedeu isto?

No ano 3 500 a. C.

6.- Que importancia ten o ano 1492?

Tivo lugar o descubrimento de América e sinala o fin da Idade Media e o comezo da Idade Moderna.

7.- Cantos séculos dura a Idade Moderna?

Dura tres séculos, do XV ao XVIII

8.- Cando comeza a Idade Contemporánea?

No ano 1789, coa Revolución francesa.

9.- En que período da Historia nos atopamos?

Na Idade Contemporánea.

10.- Que duración ten a Idade Contemporánea?

Dende o 1789 ata agora, 231 anos.

11.- En cantas partes se divide a Prehistoria?

En tres: Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metais.

12.- De que etapa da Prehistoria son as pinturas rupestres?

Do Paleolítico.

13.- Que características diferencian fundamentalmente o Paleolítico do Neolítico.?

No Paleolítico eran nómades, cazaban e recolectaban, mentres que no Neolítico fixéronse sedentarios e comezou a agricultura e a gandaría.

14.- Que construcións son típicas do Neolítico e da Idade dos Metais?

Os megálitos, construcións feitas con grandes pedras.

15.- Que inventos se produciron durante a Idade dos Metais?

O arado, a vela, a roda,...

16.- Escribe o nome dalgúns pobos que estiveron asentados na Península antes da chegada dos romanos?

Os galaicos, astures, cántabros, vascones, iberos, celtas, celtíberos, tartesos, fenicios, gregos, cartaxineses,...

17.- Que esculturas son famosas pola súa procedencia ibérica?

A dama de Elche e A dama de Baza.

18.- Que pobos prerromanos foron colonizadores e grandes comerciantes?

Fenicios, gregos e cartaxineses.

19.- Que pobo dominou a maior parte das cidades próximas ao Mediterráneo?

Os romanos

20.- Pon algún exemplo de construción romana que se conserve na actualidade.

A muralla de Lugo, a Torre de Hércules, O Acueduto de Segovia, Teatro romano de Mérida,...